

15 e 16 de abril, 6, 7, 13 e 14 de maio
e 3, 4, 10 e 11 de xuño de 2023.
Paseo do Río Rato. Lugo



FORMACIÓN DE ESTANQUES E BIOPISCINAS para profesionais

Impartido por **Alexandre Grande**

Inscripcións do 27 ao 31 de marzo
en lugardereque@deputacionlugo.org



1 Introducción

Esta formación representa unha experiencia de aprendizaxe de carácter técnico e vivencial pensada para que os participantes adquiren os coñecementos teóricos e as habilidades prácticas necesarias para poder executar os seus propios proxectos de deseño e implementación de biótupos de auga, como estanques, biopiscinas, ferverzas e xardíns acuáticos.

Actualmente son cada vez máis as persoas, clientes e usuarios que demandan para os seus espazos de vida e de traballo, corpos de auga naturais de diferente índole e con diversos obxectivos.

Particulares que desexan ter nos seus domicilios biopiscinas para uso recreativo, escapando da piscina convencional e buscando máis ben unha alternativa saudable, ecolóxica e integrada na contorna. Ou estanques que realcen o paisaxismo dos seus lugares e completen a xardinería do lugar, albergando novos hábitats para o desenvolvemento da vida silvestre.

Centros educativos que demandan a creación de pequenos corpo de auga para ofre-

cer nas súas instalacións novos espazos de aprendizaxe vivencial sobre estes ecosistemas e a biodiversidade que neles alóxase.

Ou mesmo Espazos de permacultura e de produción agro-ecolóxica, que queren fortalecer o potencial ecosistémico do lugar e aos poucos van adquirindo conciencia da importancia que ten a incorporación dos corpos de auga a nivel polinización, control biolóxico, regulación do clima e moitos outros beneficios.

Por iso a visión desta formación non está enfocada exclusivamente nunha serie de coñecementos e técnicas para a execución material deste tipo de instalacións hídricas senón tamén en contextualizar estas implementacións dentro dunha perspectiva de responsabilidade ambiental e apoio á biodiversidade.

A clave será entender a aplicación destes coñecementos no contexto da permacultura e o deseño ecolóxico, entendendo estas instalacións como un elemento máis dun sistema integrado de arquitectura, paisaxe, actividade humana e ecosistema.

2 Estrutura da formación

O proceso formativo dividirase en 5 módulos de fin de semana, 10 días en total que comezará cun primeiro módulo estritamente teórico, co obxectivo de consolidar os coñecemento básicos necesarios para poder abordar a parte práctica.

Nos módulos 2, 3, 4 e 5 se intercalarán o resto das clases teóricas coas prácticas.

A actividade práctica consistirá na creación dun estanque apto para a vida animal, no que a depuración da auga realízase a través dun sistema de filtración biolóxica. A instalación complétase cun equipo de bombeo conectado a un skimmer, unha pequena ferverza e a construción de zonas de rexeneración con plantas específicas para apoiar a depuración da auga.

En liñas xerais tanto o deseño como a execución deste estanque seguirá os parámetros de construción dunha biopiscina, pero a unha escala menor.

En liñas xerais tanto o deseño como a execución deste estanque seguirá os parámetros de construción dunha biopiscina, pero a unha escala menor.

Ao longo da formación teremos tempo para que cada estudante desenvolva e presente o seu propio proxecto de deseño, que será, revisado e presentado para a súa avaliación.

Para dar por completado o curso e recibir a acreditación de participación, os estudantes terán que asistir polo menos ao 80% das clases e ter presentado o seu proxecto final.

3 Contido por módulos

MÓDULO 1

- Presentación
- Obxectivos da formación. Liña de tempo
- Introducción á permacultura
- Un corpo de auga en permacultura
- Importancia dos corpos de auga nos espazos naturais e deseños ecolóxicos
- Estanques e biopiscinas como concepto
- Tipoloxía dos corpos de auga e sistema hídricos
- Estanques, biopiscinas, fervezas, arroios, xardíns acuáticos, acuaponía
- Niveles de tecnificación
- Bioloxía da auga
- Partes e compoñentes dun estanque e biopiscina
- Equipo técnico dun estanque ou biopiscina
- Bombas, skimmers, filtros, pre-filtros, difusores, oxigenadores e cascadas
- Cálculos básicos
- Deseño de estanques e biopiscinas paso a paso
- Estudo de sectores
- Inicio de proxecto final

MÓDULO 2

Teórica

- Tipoloxía construtiva de estanques e biopiscinas
- Construcción de estanques e biopiscinas paso a paso
- Que tipo de estanque vamos a construír

Práctica

- Limpeza e perfilado da excavación
- Clase práctica de nivelado
- Nivelado
- Compactación
- Cobertura de fondos
- Instalación de xeotextil e liner
- Construcción . Vaso principal, zona filtración, ferveza

MÓDULO 3

Teórica

- Fervezas e arroios
- Sistemas de captación e almacenamento de auga pluvial

Práctica

- Finalizar construción. Vaso principal, zona de filtración, cascada.

Teórica

- Biopiscinas con superadobe
- Biopiscinas con madeira
- Outras alternativas construtivas

Proxecto

- Revisión de proxectos

Práctica

- Instalación técnica

MÓDULO 4

Teórica

- Conversión de piscinas convencionais a biopiscinas

Práctica

- Finalizar instalación técnica
- Enchido de grabas
- Limpeza de grabas

Teórica

- Xardiñería acuática
- Clasificación e tipoloxía de plantas para estanques e biopiscinas
- Fauna acuática básica

Práctica

- Preparación/selección de plantas
- Plantación
- Probas hídricas

MÓDULO 5

Teórica

- Paisaxismo
- Casos de estudo
- Corpos de auga aplicados

Práctica

- Paisaxismo exterior

Teórica

- Mantemento dun estanque ou biopiscina
- Orzamento dun estanque ou biopiscina

Proxecto

- Presentacións finais

Mesa Redonda

Peche de Formación

4 Presentación do Formador

Alexandre Grande, conta con máis de 10 anos de experiencia implementando deseños e sistemas de permacultura en Europa e América latina.

Cos anos foise especializando en temas relacionados coa xestión e aproveitamento da auga desde unha perspectiva de sustentabilidade. Centrándose principalmente na súa captación, almacenamento, distribución e purificación.

Isto levouno a participar e dirixir proxectos, enfocados na re-hidratación de chans, en paisaxes descentralizadas de retención de auga,

sistemas de infiltración, sistemas de fitodepuración de augas grises e negras, estanques e finalmente biopiscinas.

Fórmase como técnico profesional en xardinería acuática e piscinas ecolóxicas co mestre, biólogo, acuicultor e paisaxista Carlos Temperán, na Fundación Sales, Arboretum Vigo.

Desenvolve na actualidade proxectos de biopiscinas, estanques e xardíns acuáticos, profesionalizando agora esta actividade co proxecto AugaVida, Xunto co seu socio Rubén Escuredo, técnico en xardinería e paisaxismo con máis de 20 anos de experiencia.

5 Material Requerido

Os participantes a esta formación terán que traer os seguintes materiais:

Para parte teórica

- Block de notas e bolígrafo ou computador portátil para toma de apuntes
- Papel A4 en branco (5 uds.)
- Papel vexetal A4 (5 uds.)
- Regra de 30-40 cm
- Lápiz e goma de borrar
- Rotuladores ou similar (mínimo 5 cores, preferentemente azul claro, azul escuro, verde, negro e marrón)

Para parte práctica

- Roupa de traballo
- Botas de traballo
- Luvas de traballo
- Recomendable faixa

DATAS

15 e 16 de abril

6, 7, 13 e 14 de maio

3, 4, 10 e 11 de xuño

HORARIO

De 10 a 14h e de 15.30 a 19.30h

INSCRICIÓNS

Exclusivamente por correo electrónico enviando solicitude con datos persoais (nome, DNI, teléfono e breve descrición do perfil profesional) ao enderezo lugardereque@deputacionlugo.org. Selección de participantes por orde de recepción.

PRAZO

do 27 ao 31 de marzo

